

## ACTA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DO 26 DE XUÑO DE 2021

### ASAMBLEÍSTAS ASISTENTES PRESENCIALMENTE:

	<b>FEDERACIÓN GALEGA DE:</b>	<b>PRESIDENTE OU REPRESENTANTE</b>
1.	BADMINTON	RODRIGO SANJURJO POSE
2.	BALONCESTO	SUSANA FERNÁNDEZ FIUZA
3.	BALONMÁN	BRUNO LÓPEZ MOLINA
4.	CAZA	JAVIER NOGUEIRA DIZ
5.	CICLISMO	JUAN CARLOS MUÑIZ NIETO
6.	ESPELEOLOXÍA	FRANCISCO MANUEL MARTÍNEZ GARCÍA
7.	PIRAGÜISMO	ALFREDO BEA GARCÍA
8.	REMO	JOSÉ MANUEL SEIJAS GALÁN
9.	TAEKWONDO	ESPERANZA MEILÁN CABALEIRO
10.	VOLEIBOL	JOSE ANGEL LUNA BARGO

### ASAMBLEÍSTAS ASISTENTES POR VIDEOCONFERENCIA:

	<b>FEDERACIÓN GALEGA DE:</b>	<b>PRESIDENTE OU REPRESENTANTE</b>
11.	AERONAUTICA	VICTOR MANUEL MAIZTEGUI LEÓN
12.	BOXEO	MANUEL PLANAS OTERO
13.	JUDO	MARIO MANUEL MUZAS COBO
14.	KARATE E D.A.	OSCAR LA FUENTE
15.	PATINAXE	JULIO PARGA LORENZO
16.	PELOTA	JOSÉ IGNACIO GARCÍA CASTRO
17.	RUGBY	JOSÉ IGNACIO COCIÑA IGLESIAS
18.	SALVAMENTO E SOCORRISMO	NURIA RODRÍGUEZ SUÁREZ
19.	TIRO CON ARCO	MANUEL QUINTANA MÍGUEZ

### PRESIDENTE

20.	FÚTBOL	RAFAEL LOUZÁN ABAL
-----	--------	--------------------

### INVITADO DE HONRA:

21.	VICEPRESIDENTE COE	FRANCISCO V. BLÁZQUEZ GARCÍA
-----	--------------------	------------------------------

### ASESORIA:

22.	ASESORÍA LEGAL	RAFAEL ALONSO MARTÍNEZ
-----	----------------	------------------------

### COORDINACIÓN

23.	COORDINACIÓN XERAL UFEDEGA	CARMELO GALIÑANES FERNÁNDEZ
-----	----------------------------	-----------------------------

Sendo as 17:00 horas do luns 26 de xuño do 2021, constitúese a Asemblea Xeral da Unión de Federacións Deportivas Galegas na Sede da Real Federación Galega de Fútbol en Santiago de Compostela e na plataforma de videoconferencias desta unión de federacións, en sesión ordinaria e en segunda convocatoria coa asistencia de 20 asembleístas arriba relacionados, baixo a presidencia de D. Rafael Louzán Abal, presidente da mesma, e coa actuación do secretario, que fai expresa manifestación do recoñecemento da identidade de todos os asistentes, tanto de forma presencial como por videoconferencia e estende a presente acta para tratar os seguintes puntos da orde do día:

A Asemblea contou cun invitado de honra, Francisco Blázquez, presidente da Real Federación Española de Balonmán e Vicepresidente do COE, que saudou aos asembleístas e dirixiu un palabras ós presentes, recalcando a importancia da unión no deporte.

Tomou a palabra o presidente da UFEDEGA que dou a benvinda ós asistentes (punto nº1), e que continuou co “Informe do Presidente” (punto nº2). Neste punto o presidente citou a todos os membros da Xunta Directiva da UFEDEGA e expuxo todas as actividades realizadas pola UFEDEGA durante este ano así como as novas propostas a levar a cabo.

(Punto 3) Presentación e aprobación, se procede, das contas do exercicio 2020

O presidente cede a palabra ó tesoureiro da UFEDEGA, Javier Nogueira, presidente da Federación Galega de Caza, quen explica de maneira sucinta todos os apartados das contas remitidas na convocatoria da asemblea a todos os asembleístas.

(Punto 4) Aprobación se procede das cotas para o exercicio 2022

Continua co uso da palabra ó tesoureiro da UFEDEGA, Javier Nogueira, presidente da Federación Galega de Caza, que indica que por decisión da Xunta Directiva da UFEDEGA se procede a anulación da cota para o ano 2022, argumentando que nestes momentos a situación financeira da UFEDEGA así o permiten facer. Tamén se indica que en caso de necesidade urxente se solicitaría esta cota ás federacións.

(Punto 5) Aprobación, se procede, do orzamento de ingresos e gastos do 2022

Continua co uso da palabra ó tesoureiro da UFEDEGA, Javier Nogueira, presidente da Federación Galega de Caza, quen detalla os orzamentos do ano 2022

Unha vez expostos os tres puntos anteriores procedeuse a votación sendo as contas anuais, o orzamento do ano 2022 e a anulación da cota do exercicio 2022, respaldadas co voto afirmativo por unanimidade.

(Punto 6 e 7) Valoración do estudo das competencias delegadas pola administración pública ás Federacións e Valoración dos criterios de avaliación dos convenios de colaboración entre as Federacións e a Secretaría Xeral para o Deporte. Toma o uso da palabra o presidente Rafael Louzán que explica que os documentos foron remitidos a UFEDEGA pola Secretaría Xeral para o Deporte logo dunha reunión celebrada no foro de reactivación do deporte galego, cede a palabra aos asembleístas, a maioría dos presentes móstranse descontentos co informe da valoración do estudo das competencias delegadas pola administración pública ás Federacións

realizado pola Secretaría Xeral para o Deporte, tamén se incide na importancia de diferenciar entre as competencias exclusivas da administración autonómica e as delegas ás federacións. Igualmente mostran o seu descontento cos criterios de avaliación dos convenios de colaboración entre as Federacións e a Secretaría Xeral para o Deporte. Polo que os asembleístas solicitan mediación da UFEDEGA coa Secretaría Xeral para o deporte coa intención de solicitar un novo estudo de acordo a realidade federativa galega. Ante esta postura a asemblea acorda solicitar a Secretaría Xeral para o Deporte unha reunión co obxectivo de valorar cos responsables da administración o estudo das competencias delegadas pola administración pública ás Federacións.


## 6. Rogos e preguntas

Varias Federacións mostran a súa preocupación ante a falta de coordinación entre administracións públicas de distinto rango e incluso na mesma administración entre servizos diferentes. Ante isto a asemblea decide solicitar a Secretaría Xeral para o Deporte a figura de un coordinador que medie nos problemas das federacións con diferentes Consellerías e incluso con outras administracións.

Varios compañeiros asembleístas mostran a necesidade de seguir traballando en conxunto e de integrar na UFEDEGA a totalidade das Federacións Deportivas Galegas.

Conclúe a reunión a las 18:30 horas, actuando como secretario en funcións o Coordinador Xeral da UFEDEGA D. Carmelo Galiñanes Fernández, en substitución do Secretario da Xunta Directiva da Unión de Federacións Deportivas Galegas, Francisco Martín Mico, que escusou a súa asistencia por imposibilidade". Firmase a presente acta en conformidade con seu contido.

Fdo. Carmelo Galiñanes Fernández



Fdo. Rafael Louzán Abal



Presidente UFEDEGA